

**D<sup>a</sup>. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO**

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do **18 de novembro de 2016**, adoptou o seguinte acordo:

**7.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA VÍA NORTE (FASE I), ENTRE TRAVESÍA DE VIGO E A RÚA ESCULTOR GREGORIO FERNÁNDEZ. EXPTE. 3943/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta asinada pola Secretaria da Mesa de Contratación, con data 17/11/16, que di o seguinte:

*A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 17 de novembro de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:*

*7.- Propostas de clasificación*

*b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Vía Norte (fase I), entre travesía de Vigo e rúa Escultor Gregorio Fernández (3943-440)*

*Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:*

*“Primeiro.- Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación, na súa sesión de data 26 de outubro de 2016 de “Excluír á empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, SL, xa que segundo o informe do enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos de data 25 de outubro de 2016 sobre valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”, a súa proposición avaliable mediante xuízo de valor “inclúe información doutra obra dentro da documentación recollida no sobre B” e, consecuentemente, non se axusta ao disposto no prego de prescricións técnicas (cláusula 13.5B do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación)”.*

*Segundo.- Excluír do procedemento aberto para a contratación das obras b) de humanización da rúa Vía Norte (fase I), entre travesía de Vigo e rúa Escultor Gregorio Fernández (3943-440), por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non ter xustificado os mesmos, aos seguintes licitadores:*

- NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU E CONSTRUCCIONES RAMIREZ SLU*
- DRAGADOS, SA*
- UTE ACEVI Y MONTAJES IGLESIAS*
- ELSAMEX, SA*
- CONSTRUCCIONES VALE, SL*
- UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU*

- HORDESCON, SL
- PROYECON GALICIA, SA
- UTE CONSTRUCCIONES OREGA SL- CONST. DELFIN FERREIRO RGUEZ, SL
- CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, SL

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde decrecente:

	Empresas	Puntuación
1	CIVISGLOBAL, SLU	85,44
2	ORECO, SA	85,22
3	AVAN INTEGRAL, SL	85,06
4	CONSTRUCCIONES FECHI, SLU	83,82
5	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SL	83,16
6	ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, SA	81,51
7	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL	80,98
8	ORESA, SL	80,75
9	UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, SA-ALVAC	79,41
10	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS COPASA	79,16
11	UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, SA-COPSESA	78,24
12	COPCISA, SA	77,83
13	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, SA	77,67
14	UTE 03 SERVICIOS Y CONTRATAS SL- OGMIOS PROYECTO, SL	77,58
15	NAROM, SL	76,37
16	ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, SL	69,56
17	GEOXA GENERAL DE CONSTRUCCIONES, SL	22,11

Cuarto.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVISGLOBAL, SLU, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía definitiva.
5. Resgardo de garantía complementaria por importe de 6.010, 10 euros.

Quinto.- Requiritur ao citado licitador o aboamento de 675, 76 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.  
O ALCALDE,  
Abel Caballero Álvarez.